


**PROGRAMACIÓN  
DA AREA DE  
DEBUXO TÉCNICO**  
**E**  
**DE**  
**EDUCACIÓN PLÁSTICA E  
VISUAL**

**CURSO** 2005/2006



# ÍNDICE

- INTRODUCCIÓN
- OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA
- AVALIACIÓN
- CONTIDOS DO **1º CICLO DE SECUNDARIA**
- CRITERIOS DE AVALIACIÓN
- RECUPERACIÓN DE MATERIA PENDENTE
- INTRODUCCIÓN – 2º CICLO DE SECUNDARIA
- OBXECTIVOS DE **3º DE E.S.O.**
- CONTIDOS
- CRITERIOS DE AVALIACIÓN
- RECUPERACIÓN DE MATERIA PENDENTE
- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA- **4º de E.S.O.**
- CONTIDOS
- CRITERIOS DE AVALIACIÓN
- INTRODUCCIÓN – **DEBUXO TÉCNICO ( Bachatº. LOXSE )**
- OBXECTIVOS
- CONTIDOS DE **1º CURSO**
- CRITERIOS DE AVALIACIÓN
- CONTIDOS DE **2º CURSO**
- CRITERIOS DE AVALIACIÓN
- CRITERIOS DE METODOLOXÍA DIDÁCTICA
- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## ANEXO

- Calendario Escolar
- Ocupación da Aula Taller de Ed. Plástica
- Inventario.
- Libros de texto

INTRODUCCIÓN

O desenvolvemento do individuo se realiza a partir de estímulos sensoriais; a maior parte deles son de natureza visual e táctil.

A información recibida ó traveso destes estímulos proben da Natureza e das obras creadas polo home. Para que dita información poida seren asimilada, compre reflexionar criticamente sobre o entorno visual e plástico.

Esta realidade cotián, tanto natural, como de imaxes e feitos plásticos na que viven mergullados os alumnos e onde están os obxectos dos distintos deseños e as imaxes transmitidas polos mass-media, deberá se-lo punto de partida desta área.

Ese mundo visual e táctil se manifesta ó traveso dunha linguaxe: a linguaxe plástica, cuxo coñecemento constitúe o fundamento da área.

Coma calquera linguaxe, a linguaxe plástica precisa de dous niveis de comunicación:

**Saber comprender-- *saber ver e saber expresarse* – **saber facer.****

O *saber ver* constitúe un proceso físico-químico, onde a percepción inmediata debe ser, en primeiro lugar, a base para o inicio dun proceso de sensibilización e, posteriormente, dunha comprensión máis racional.

O *saber facer* implica o *saber ver* e se manifesta de dous modos: a expresión e a representación. Para ambos os dous precisamos dunha ferramenta ou instrumentación.

Nun mundo de imaxes e feitos plásticos, compre capacitar ós individuos para apreciar, analizar, expresar e crítica-la información visual que perciben.

A área de Plástica e Visual ten como obxectivo fundamental o desenvolvemento destas capacidades.

A Educación Plástica e Visual posibilita e incide no proceso de relación a que está sometida a persoa con todo o que a rodea, tendo en conta os diferentes momentos evolutivos, co fin de potencia-lo seu desenvolvemento.

**No primeiro curso**, se comezará o proceso de sensibilización ó contido plástico do entorno do alumno; e o achegamento ó significado das mensaxes visuais se fará dende o concreto, determinando os elementos constitutivos por medio dun recoñecemento e diferenciación de eles, aumentando así as capacidades perceptivas.

Tratarase, ó mesmo tempo, de que o alumno descubra as posibilidades

expresivas das forma reais e a súa interpretación, e así estimula-la súa capacidade creativa.

Tamén, nesta primeira etapa, o alumno irá adquirindo certas habilidades no uso dos distintos medios expresivos ou destrezas da linguaxe plástica.

Na segunda etapa, no **terceiro curso de secundaria** , o alumno afondará na percepción, analizando o entorno natural e cultural, sintetizando os elementos constitutivos nun proceso creativo persoal.

A natureza da área permite establecer unha serie de ideas centrais que proporcionen continuidade no tratamento dos contidos ó longo de toda a etapa, de xeito que o alumno poida relacionar e progresar, retomando cada novo proceso alí onde quedou anteriormente, acadando maiores niveis de complexidade.

Por todo elo, os bloques de contidos se manteñen en todos os cursos, e presentan unha estruturación clara da sintaxe das linguaxes plástica, visual, etc...

Asimesmo, se presentan ó longo de toda a etapa e desenrolan as capacidades e destrezas da área, que quedan definidas nos obxectivos xenerais de área.

Os contidos son fundamentalmente conceptuais. Porén, ó ser unha área procedimental, o desenrolo e aprendizaxe destes conceptos farase ó traveso dos procedementos ( instrumentación e técnicas ).

Os alumnos que temos no Instituto proveñen, de centros do entorno, do propio instituto, e comezan a incorporarse algúns fillos ou familiares de emigrantes retornados.

En 4º de E.S.O.- que xa están completamente integrados na Reforma no marco da L.O.X.S.E. neste mesmo instituto- temos dous grupos. Os dous grupos con ( 12 e 22 alumnos), precisarán dunha Adaptación e Diversificación polas condicións académicas coas que pasaron a este curso de final de ciclo, que debullaremos polo miudo no apartado correspondente.

En Bacharelato, temos dous grupos, un de 1º e outro de 2º que agrupan ós alumnos de Ciencias e do Tecnolóxico.

Como no 4º curso, esta área é optativa, os obxectivos xerais de etapa , deberán ter un carácter final no terceiro curso, pero aberto a unha ampliación para o seguinte.

Algo semellante sucede co 2º de E.S.O. donde esta materia non se imparte neste nivel xa que por necesidades de programación no centro, no 1º Ciclo de E.S.O. só se imparte un curso de Educación Plástica e Visual e nesta ocasión se fai no primeiro ano deste ciclo, reservando estas horas para a Música e a Tecnoloxía no segundo ano deste 1º Ciclo.

Este curso, tamén, imos ter un grupo de E.P.A. ( Ensino Para Adultos)en todos os niveis, que se corresponden cos niveis de 1º e 2º Ciclos deE.S.O., polo que teremos que programar tamén os contidos correspondentes ó primeiro módulo de “ Deseño e técnica”.

No tocante o nº de alumnos, mantense o número total ( 149 ã 143), se reduce o nº de grupos en 3º, pero o número de alumnos é o mesmo (58-60) o que vai provocar unha menor atención personalizada, porque no grupo “A” con 30 alumnos dos casi 13 son de PDC, o nivel será moi baixo.. Xa falaremos no apartado correspondente.

**DISTRIBUCIÓN POR GRUPOS E Nº DE ALUMNOS**

NIVEL	MATERIA	Nº GRUPOS	Nº ALUMNOS	TOTAL
1º ESO	Ed. Plást. e V.	2	19-18	37
3º ESO	Ed. Plást. e V.	2	30-28	58
4º ESO	Ed. Plást. e V.	2	12-22	34
1º BACHTº	Debuxo Técº.	1	14	14
2º BACHTº	Debuxo Técº	1	6	6
			<b>TOTAL</b>	<b>149</b>

OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

O propósito da Etapa na Área de Educación Plástica e Visual, pasa pola procura dos obxectivos xerais, facendo fincapé no desenvolvemento de capacidades

- ~ Cognitivas
- ~ Motrices
- ~ De equilibrio e autonomía
- ~ De relación interpersoal
- ~ De actuación e inserción social

**OBXECTIVOS**

A Educación Plástica e Visual na **etapa de Ensino Secundario Obrigatorio**, terá como obxectivo, contribuir ó desenvolvemento nos alumnos as capacidades seguintes:

1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu entorno natural e cultural, senso sensible ás súas cualidades evocadoras, plásticas, estéticas e funcionais.
2. Aprecia-lo feito artístico como fonte de goce estético e como parte integrante de seu patrimonio cultural, contribuíndo activamente ó seu respecto, conservación, divulgación e mellora.
3. Desenvolvela-la creatividade e expresala, a ser posible, coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou utilizando os códigos, terminoloxía e procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquece-las súas posibilidades de comunicación.
4. Interpreta-las relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes e procura-lo modo persoal e expresivo máis axeitado para comunica-los achádegos obtidos.
5. Respetar, apreciar e aprender a interpretar outros modos de expresión visual

e plástica distintos do propio e dos modos dominantes no entorno, superando estereotipos e convencionalismos, elaborando xucos personais que lle permitan actuar con iniciativas e adquirir criterios.

6. Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo, adoptando actitudes de flexibilidade, solidaridade, interese e tolerancia, superando inhibicións e prexucios, rexeitando discriminacións personais ou sociais.
7. Valora-la importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión e comunicación, por elo, de vivencias, sentimentos e ideas, superando inhibicións e apreciando a súa contribución ó equilibrios e benestar persoal.
8. Aprecia-las posibilidades expresivas que ofrece a investigación con diversas técnicas plásticas e visuais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.
9. Planificar, individual e conxuntamente, as fases do proceso de realización dunha obra, analizando os seus compoñentes para axetalos ós obxectivos que se pretenden conseguir, e revisando, ó rematar, cada unha das fases.

## AVALIACIÓN

**N**a primeira quincena do curso, faremos unha avaliación inicial, para os alumnos de 1º e 3º de E.S.O. e 1º de Bacharelato; e un estudo detallado dos informes de Avaliación do curso anterior para os de 4º de E.S.O.

Completaremos-la ficha do alumno, cos datos que nos aporten diversas probas sobre cuestións tais como: gustos, aficións, entorno habitual, etc...

Con toda esta información tentaremos adecua-lo proceso didáctico e aplicar un modelo axeitado ás súas características.

A Avaliación será formativa e continua tendo en conta os seguintes items:

- ~ Observación e traballo diario.
- ~ Uso e coidado dos materiais e medios.
- ~ Correspondencia entre propostas e solucións.
- ~ Creatividade e calidade estética.

Tamén faremos unha Avaliación:

- ~ Individual ( de interese e capacidade )
- ~ Colectiva ( como grupo e como individuo dentro do grupo).

Así mesmo, fomentaremos-la autoavaliación coa intención de que o alumno desenrole un espírito crítico e constructivo co seu traballo.



**TEMA 1.- Elementos configurativos da linguaxe visual.**

A imaxe como medio de expresión e coñecemento.

Análise das diferentes linguaxes visuais: prensa, televisión, deseño gráfico, artes plásticas e as súas funcións: informativa, expresiva, comunicativa e estética.

Símbolos, signos e sinais. Significante e significado.

Elementos configurativos da linguaxe visual.

A percepción. Relación forma e contorno. Relación de formas entre si.

Fundamentos expresivo-descriptivos: o punto, a liña, o plano.

A cor como fenómeno físico e visual: cores matéricas e cores luz. Cores primarias e secundarias.

O círculo cromático. Gammas, harmonías e contrastes.

A textura como medio de achegamento sensorial: texturas visuais e táctiles.

**TEMA 2.- Representación de formas planas.**

Instrumentos para o trazado xeométrico: regras, modelos, transportador de ángulos e compás.

Concepto de medida. Transporte de medidas.

O bidimensional: representación de formas e figuras planas. Clasificación das formas. Formas naturais e artificiais.

Estructura da forma. Dirección horizontal, vertical, oblicua e curva. Relacións entre direccións: paralelismo e perpendicularidade, mediatriz, bisectriz.

División dun segmento: Teorema de Tales. Equidistancias.

Formas xeométricas básicas: desenvolvementos sinxelos: triángulos, cuadriláteros, polígonos regulares inscritos.

A circunferencia: división.

Análise comparativa das figuras planas: igualdade e semellanza.

**TEMA 3.- Espacio e volume.**

Concepto espacial. Relacións cerca-lonxe entre formas planas. Cambios de tamaño, por superposición, contacto, separación ou transparencia.

O espazo: percepción e representación.

A iluminación como definidora do volume. Valor representativo e expresivo da luz na forma e no ambiente.

Formas volumétricas básicas. Desenvolvementos sinxelos: prismas, pirámides, cilindros, conos, esferas.

Representación de figuras do natural, mediante o encaixe e o claroscuro.

O tridimensional. Espacio cheo, espazo baleiro.

#### **TEMA 4.- Procedementos e técnicas utilizadas na lingxe visual**

Adquisición do léxico propio da área.

Achegamento experimental ós distintos soportes e técnicas gráfico-plásticas como recurso expresivo: lapis de cores, ceras, rotuladores, tintas, témperas, colaxe, madeira, cartón.

Iniciación ó gravado, litografía e estampación.

Achegamento ás tendencias culturais plásticas propias do patrimonio visual galego.

#### **TEMA 5.- Actitudes, valores e normas.**

Interese pola axeitada realización dos traballos artísticos desenvolvidos.

Sensibilidade ante os fenómenos visuais e a obra estética.

Hábito de atención para recoller información visual.

Curiosidade por coñece-la cultura visual galega.

Interese pola aprendizaxe das técnicas gráfico-plásticas.

Aceptación e cumprimento das normas básicas de organización.

Hábito de coidado ó material e instrumental propio da área.

Respecto ante as execucións plásticas dos compañeiros.

Interese pola realización de traballos en equipo.

Aprecio polas manifestacións culturais galegas.

Curiosidade polas producións artísticas do contorno.

#### AVALIACIÓN

Entendemos a Avaliación, coma un proceso integral no que se contemplan diversas dimensións ou vertentes:

- A) Análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos.
- B) Análise sobre a práctica docente e o proceso de ensinanza.
- C) Análise do proxecto curricular.

A) A Avaliación concíbese e practica da seguinte maneira:

**Individualizada.**- Centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.

**Integradora.**- Na que contemplaremos a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.

**Cualitativa.**- Na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de xeito equilibrado os diversos niveis de desenrolo do alumno, e non só os de carácter cognitivo.

**Orientadora.**- Dado que aporta ó alumno a información precisa para mellora-la aprendizaxe e acadar estratexias axeitadas.

**Continua.**- Atendendo á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Contemplamos tres modalidades:

-> Avaliación inicial. Que proporciona datos acerca do punto de partida de cada alumno, coñecementos previos, características personais que permitan unha metodoloxía axeitada.

-> Avaliación formativa.- Que permita ve-la evolución ó longo do proceso, destacando as dificultades e os progresos en cada caso.

-> Avaliación sumativa.- Que establecerá os resultados ó termo do proceso total de aprendizaxe en cada periodo formativo e a consecución dos obxectivos.

Asemade, tamén contemplamos no proceso, a existencia de elementos de autoavaliación e coavaliación.

B) Atenderemos ós seguintes aspectos:

-> Organización e coordinación do equipo. Distinción de responsabilidades.

-> Planificación das tarefas. Dotación de medios e tempos.  
Distribución de medios e tempos.

-> Participación. Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Relación entre os alumnos e entre éstos e os profesores.

C) Co fin de establecer unha avaliación completa de todo o proceso, atenderemos aos seguintes indicadores:

- > Desenrolo en clase da programación.
- > Relación entre obxectivos e contidos.
- > Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- > Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN  
( Primeiro Curso )

1. Recoñece-las distintas linguaxes visuais nas imaxes do entorno e clasificalos segundo a súa finalidade.
2. Describir gráfica e plasticamente unha forma dada identificando os seus elementos constitutivos: configuración estrutural, texturas e cor.
3. Diferencia-la variedade de texturas visuais e tactis que se poidan producir mediante a manipulación de técnicas e materiais diversos.
4. Describir graficamente formas identificando a súa orientación espacial e a relación entre as súas direccións.
5. Representar figuras do natural mediante o encaixe e o claroscuro.
6. Debuxar formas geométricas simples empreñando procedementos técnicos axeitados
7. Representar con formas planas sensacións espaciais, utilizando cambios de tamaño, superposición e contraste.
8. Representar un espacio do entorno, utilizando como recurso expresivo os contrastes lumínicos.
9. Coñecer distintos medios de expresión gráfico-plásticos.
10. Valora-los aspectos estéticos dos feitos artísticos contemporáneos e dos que compoñen o patrimonio cultural galego.

## CUESTIÓNS PREVIAS

Á espera de que as autoridades educativas, se poñan de acordo sobre a implantación da LOE, seguiremos a RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES de cursos anteriores, no tocante á materia de **ED. PLÁSTICA e Visual**, de xeito similar como o ano pasado, inda que sen confiar en absoluto sobre o aproveitamento do tempo e do esforzo, porque:

- Por unha banda, ... " *fora do horario lectivo do centro e con carácter voluntario para o alumnado* "
- " *Os departamentos didácticos proponenlle PLANS DE TRABALLO...* " ¿a QUÉN? A alumnos que nen siquera están matriculados nesta materia no curso actual....

Porque a este departamento, este curso escolar, cómprelle ... " *facer un seguimento do cumprimento dos Plans de Traballo* " a 3 alumnos. En 2º de E.S.O. ( 1 alumna , coa materia pendente de 1º de E.S.O., e este curso non recibe contidos nesta materia). En 4º de E.S.O.( unha alumna que tampouco recibe contidos progresivos porque neste nivel é optativa e non foi elexida esta materia pola alumna implicada.

E a terceira en cuestión, está matriculada en 3º de ESO, coa materia pendente de hai dous cursos, e por riba no grupo de PDC.

A pesar de todo ( ¡ que non se diga !) velahí vai un **PLAN DE TRABALLO** por niveis cos Contidos Exixibles, as Actividades de Avaliación por bloques e as datas das Probas Extraordinarias a celebraren en Maio e Setembro.

RECUPERACIÓN DE  
MATERIAS PENDENTES EN SECUNDARIA

(1º CURSO DE E.S.O.)

**CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES:**

**BLOQUE I.- Elementos configurativos da Linguaxe Visual**

- Linguaxes Visuais: Prensa, TV, Deseño Gráfico, Artes Plásticas
- Símbolos Signos e Sinais.
- A Percepción. Relación Forma e Contorno.
- A Cor como fenómeno físico e visual. Círculo Cromático

Exame Parcial: Semana 13-17  
Febreiro 2006

**BLOQUE II., Representación de Formas.**

- Instrumentos para o trazado xeométrico.
- Representación de Formas e Figuras planas
- Estructura da Forma.
- Espacio e Volume.
- Formas Volumétricas básicas

Exame Parcial: Semana 24-28  
Abril 2006

**Proba Final Extrª. Semana 8-12  
Maio 2006**

**Proba Final Extrª. Semana 1-8  
Setembro 2006**

## ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

(1º CURSO DE E.S.O.)

### **BLOQUE I.- Elementos configurativos da Linguaxe Visual**

- Elixe unha imaxe por cada unha das finalidades das Linguaxes Visuais, a saber: Informativa, Expresiva, Comunicativa, Estética.
- Elixe e deseña varios signos que indiquen : comedor, camareiros, cafetería...
- Debuxa un exercicio onde o Fondo e a Forma se confundan ou se complementen.
- Tomando como base un decágono regular, realiza unha composición cromática, metade con cores cálidas e metade con cores frías.

### **BLOQUE II., Representación de Formas.**

- Tomado como base un circuito de velocidade, debuxa as liñas que conforman o recorrido.
- Representa Formas de animais utilizando liñas rectas ou curvas ou ambas dúas.
- Realiza o desenrolo dun poliedro, cooreao e construe o mesmo, pegando as aristas dun xeito ordeado.
- Utilizando 3 ou 4 obxectos de xardin, realiza unha composición diferenciando o volume con diferentes tipos de liñas.

# 2º CICLO SECUNDARIA

## I N T R O D U C C I Ó N

**S** e ben é certo que temos case o mesmo nº de alumnos neste nivel, ( 92 frente a 83 do curso pasado) organizativamente este curso está moi mal agrupados polo nº de alumnos por grupo e pola ordeación horaria . Non é doado, que saian tan mal.

No nivel de 3º de E.S.O., temos 2 grupos, ( 30-28 ); ¿úlo a diminución do ratio alumno/profesor?, tan cacareado polas autoridades educativas.No grupo de 3º"A", ademáis, estan os alumnos de PDC, con expectativas moi diferentes ás do resto. Motivación nula.Escaso Interés. Aproximadamente o 40% son alumnos que pasaron do 1º Ciclo.....” por imperativo legal”, co cal xa sabemos, e eles tamén, que fagan o que fagan..... terán que pasar no curso próximo a 4º de E.S.O.

**P** ara o 4º Curso de E.S.O. o desenvolvemento desta materia plantéxase por unha banda como continuación da de 3º e por outra como introductoria e orientadora cara ós bacharelatos, con especial incidencia no bacharelato de Artes, e no Tecnolóxico.

Xa apuntabamos, que sendo unha materia optativa para o alumno deste nivel, partimos dunha motivación e dun interese especial cara ós contidos a desenvolver e pretendemos levar a cabo métodos e planificacións complexas.

Sendo este un centro novo e con medios escasos, a impartición desta materia será un tanto experimental; nalguns casos haberá aspectos que se darán como unha introducción, e noutros complementaran aqueles que non se chegaron a desenvolver completamente no curso anterior.

As características dos grupos que temos este curso son as seguintes: estan agrupados en dous idems ( 12- 22 ); moi descompensados; no grupo pequeno , só de alumnas, todas repiten ou teñan pendentes de 3º, agás dúas: Algo semellante ocorre no outro grupo, pero enriba son casi o dobre. E para colomo NON temos bloques de dúas horas...¡ mira que non o tiñamos pedido!!!.

*Obxectivos*

- Observar e interpreta-las imáxenes e as formas do entorno máis próximo, así como outras algo máis alonxadas del, sendo sensible ás súas cualidades plásticas e estéticas.
- Aprecia-lo feito artístico como fonte de goce estético e como parte interesante dun patrimonio cultural, contribuíndo activamente no respecto e conservación, con especial fincapé nas artísticas.
- Expresarse con actitude creativa utilizando a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica.
- Observar e analiza-las relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes, seleccionando no posible o medio de expresión que mellor se axeite á mensaxe que se queira transmitir.
- Respetar e apreciar outros modos de expresión visual e plástica distintos do propio e dos modos determinantes no entorno, superando estereotipos e convencionalismos.
- Participar en actividades de grupo adoptando actitudes de flexibilidade, solidariedade, interese e tolerancia, rechazando discriminacións.
- Valora-la importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión de vivencias, sentimentos e ideas.
- Aprecia-las posibilidades expresivas que ofrece a investigación con diversas técnicas plásticas e visuais.
- Planificar, individual ou cooperativamente, las fases do proceso de creación e realización dunha obra.

Contidos  
(Terceiro curso de E.S.O.)

**1.A linguaxe visual.**

A comunicación visual.  
Símbolos e signos.  
Anagramas, logotipos, marcas e pictogramas.  
Lectura obxectiva e subxectiva da imaxe.  
Imaxe fixa e imaxe en movemento.

**2. Elementos configurativos das linguaxes visuais.**

A liña como elemento expresivo.  
A cor como fenómeno físico e visual. Mesturas aditivas e  
subtractivas.  
Texturas xeométricas e orgánicas, naturais e artificiais.

**3. Análise e representación de formas.**

Formas naturais e artificiais. Formas xeométricas e orgánicas.  
Formas abertas e pechadas.  
Formas curvas e formas poligonais na natureza e na arte.  
A forma obxectiva e a forma subxectiva.  
Concepto de proporción e módulo. Estructuras modulares  
bidimensionais básicas.

**4. A composición.**

A forma e o contorno. Organización dos elementos no plano.  
Peso, equilibrio e ritmo.

**5. Espacio e volume.**

Perspectiva cónica. Puntos de vista e puntos de fuga.  
A forma tridimensional no espacio plano: vistas de sólidos sinxelos,  
perspectiva isométrica, perspectiva cabaleira e perspectiva cónica.

**6. Procedementos e técnicas utilizadas nas linguaxes visuais.**

Procedementos gráficos, pictóricos e escultóricos.  
Posibilidades expresivas de distintos soportes e técnicas.  
Obras e artistas galegos.

**7. Apreciación do proceso de creación das artes visuais.**

Da idea á obra final.

**8. Actitudes, valores e normas.**

Apreciar e goza-los fenómenos estéticos.  
Ser consciente de que os avances da técnica e da tecnoloxía proporcionan novos medios e materiais ó campo artístico.  
Respecta-los traballos, solucións e opinións dos compañeiros e contrastar coas propias, sacando conclusións.  
Avalia-lo proceso creativo, desde a idea ata a resolución e presentación final.  
Preocuparse activamente pola conservación do patrimonio cultural galego.  
Valora-lo esforzo persoal e o afán de superación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

( 3º Curso de Secundaria)

- 1) Analizar imaxes tendo en conta elementos básicos constitutivos da sintaxe visual.
- 2) Selecciona-los elementos configurativos da liña e textura, adecuándoos á descrición analítica da forma.
- 3) Diferenciar e representa-los matices da cor na natureza e no contorno.
- 4) Representar xeometricamente formas naturais e artificiais.
- 5) Diseñar composicións modulares sobre redes poligonais.
- 6) Interpretar composicións buscando distintas alternativas na organización das formas.
- 7) Describir unha forma tridimensional simple mediante a representación das súas vistas fundamentais.
- 8) Representa-la forma tridimensional nun plano, utilizando métodos normalizados como recurso gráfico.
- 9) Recoñecer distintos soportes e técnicas de expresión gráfico-plásticas.
- 10) Utilizar adecuadamente técnicas gráficas segundo as intencións comunicativas.
- 11) Recoñecer obras e artistas do patrimonio cultural galego.



➤ Partindo da propia motivación do alumno, facerlle reflexionar sobre tres aspectos dos proxectos:

- Ó O funcional
- Ó O estrutural
- Ó O estético

➤ Proporcionarlle-lo medio de expresión máis directo e axeitado ás necesidades do seu proxecto, valorando os aspectos fundamentais e secundarios dos distintos procedementos e técnicas.

➤ Que os alumnos adquiran un criterio e unha destreza facendo fincapé na consecución dun xuízo crítico e de coñecemento sobre o campo das artes visuais, a plástica e o deseño.

➤ Desenvolar unha percura na forma bi e tridimensional, analizando as implicacións destas formas no mundo da comunicación visual e da forma en xeral.

➤ Estimular a capacidade de observación, insistindo nas distintas lecturas sobre a realidade e formando a capacidade de síntese.

➤ Iniciar ó alumno no coñecemento das técnicas artísticas bi e tridimensionais.

CONTIDOS  
(cuarto curso de E.S.O.)

**1. A linguaxe visual.**

Interacción das distintas linguaxes: verbal, xestual, musical, plástica.  
Lectura obxectiva e subxectiva de imaxes.  
Función socio-cultural da imaxe na historia.  
Achegamento ós media e ás novas tecnoloxías.

**2. Os elementos gráfico-plásticos como vehículo para o análise e a creación de imaxes.**

A liña como abstracción da forma. Carácter expresivo do trazo e do grafismo. A liña como elemento estruturado da forma: o encaixe.  
A textura. Técnicas gráficas para a creación de tramas visuais.  
A cor. Dimensións: matiz, luminosidade, saturación. Simbolismo e psicoloxía da cor. Apreciación obxectiva e subxectiva da cor.  
Aplicación da cor en distintos campos da actividade humana.

**3. Análise e representación de formas.**

Estructura da forma. Estructura de formas naturais complexas: ramificación, translación, expansión.  
Proporcionalidade e escala. Concepto de canon, medida módulo. A proporción na arte. Posibilidades expresivas da desproporción e deformación.  
Representación icónica da forma. Configuración abstracta.  
Representación técnica de formas planas, polígonos regulares e curvas.

**4. A composición.**

Organización do formato. Direccións e liñas de forza. Peso visual.  
Equilibrio.  
Leis compositivas.

**5. Percepción e representación. O volume.**

Visión e percepción. Postimaxe e imaxe persistente. Relatividade da cor. Ilusións ópticas.  
